

INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

ASUNTO: SOLICITUDE DE ORZAMENTOS PARA A ADQUISICIÓN DE PAPEL A4 E A4 (PROCEDENTE DE MADEIRA CERTIFICADA E 100 % RECICLADO), PARA AS FOTOCOPIADORAS E IMPRESORAS DO CONCELLO. (Expdte. Ref.: Menor 1-2016).

No transcurso da execución do contrato administrativo correspondente á subministración de papel para fotocopiadoras e impresoras (lote 1) mediante acordo marco con procedemento aberto asinado entre o Concello de Lugo e a mercantil SABELA S.L, en data 14 de xullo de 2015, xurdiron diversas incidencias relativas á acreditación de certificados, que motivaron a apertura dun procedemento ao efecto.

Por dito motivo, non estimando conveniente prorrogar dito contrato e rematando o mesmo o vindeiro 14 de xullo de 2016, co gallo de non quedar desabastecidos de papel, tanto procedente de madeira certificada, como 100 % reciclado, faise necesario, en tanto non se culmine un novo procedemento de contratación similar ao anterior, solicitar orzamentos a diversas empresas do ramo, por se fose do seu interese presentar ofertas para a súa subministración polo prazo máximo de un ano.

As cantidades de consumo para cada tipo de papel son as que de seguido se sinalan, tendo en conta que se trata de cantidades estimadas polo que non supoñen obriga para o Concello da súa adquisición, aboándose exclusivamente as efectivamente subministradas:

PRODUTO	CANTIDADE ESTIMADA ANUAL	PREZO MÁXIMO UNITARIO (sen IVE)	PREZO MÁXIMO POR PRODUTO (sen IVE)
PAPEL A4, 80 g/m2 PROCEDENTE DE MADEIRA CERTIFICADA	4.300 paquetes	2,47 €	10.621€
PAPEL A4, 80 g/m2 100 % RECICLADO	2.200 paquetes	2,47 €	5.434 €
PAPEL A3, 80 g/m2, PROCEDENTE DE MADEIRA CERTIFICADA	160 paquetes	4,93 €	788,80 €
TOTAL IVE excluído			16.843,80 €

As características técnicas e ambientais de ditos produtos son as seguintes:

PAPEL PROCEDENTE DE MADEIRA CERTIFICADA

<u>ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS</u>	CRITERIO	A acreditación do cumprimento farase coa presentación de algún dos documentos que se indican a continuación. Os certificados de análises teñen que ser dun laboratorio que cumpra a normativa ISO 17025 ou ben que

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: INFORME PROPOSTA SOLICITUDE ORZAMENTOS PAPEL

Asunto:

		esté debidamente acreditado. As etiquetas ecolóxicas teñen que estar vixentes.
Gramaxe	80 gr./m2 +/- 3	- Certificado de análises segundo ISO 536 ou equivalentes (*)
Vida en arquivo	> 100 anos	- Certificado de análises segundo ISO 9706, DIN 6738, ISO 5630 ou equivalente (*). - Ángel Azul
Branco	Mínimo 150 CIE +/- 3	Certificado de análises segundo ISO 11475 (*)
Opacidade	Mínimo 90 % +/- 2	Certificado de análises segundo ISO 2471 (*)
Humidade	Máximo 4,7 +/- 0,4 %	Certificado de análises segundo ISO 287 (*)
Resistencia á flexión	SL 1,8 +/- 0,5 mN, ST 0,9 +/- 0,5 mN	Certificado de análises segundo ISO 2493 (*)
Rixidez	115/42 mN	Certificado de análises segundo ISO 5628 (*)
Rugosidade ou lisura	Máximo 260 +/- 40 ml/min.	Certificado de análises segundo ISO 8791 (*)
<u>ESPECIFICACIÓNS AMBIENTAIS</u>	CRITERIO	A acreditación do cumprimento farase coa presentación de algún dos documentos que se indican a continuación. As etiquetas ecolóxicas teñen que estar vixentes.
Aptitude para o uso	Equivalente á dun papel estándar de fibra virxe de 80 gr/m2, con respecto ó uso de hardware habitual de oficina	- Etiqueta ecolóxica UE - Certificacións de fabricantes de hardware.
Orixe da fibra	A fibra utilizada estará unicamente composta de fibras virxes	- Procedentes de madeira certificada conforme ás normas FSC, PEFC ou equivalente, e que haxa sido obtido cun proceso limpo de produción.
Produtos clorados	Totalmente libres de cloro (TFT), nin axentes branqueantes halóxenos no branqueo.	- Ángel Azul. - Declaración do fabricante.
Branqueantes ópticos	Non utilización de branqueantes ópticos no proceso de fabricación	- Ángel Azul. - Declaración do fabricante.
Destinte	Só se poderán utilizar axentes tensoactivos que sexan rapidamente biodegradables	- Etiqueta ecolóxica da UE. - Comparación coas listas de tensoactivos biodegradables da literatura científica. - Declaración baseada en métodos de control oficiais.
Sustancias perigosas	Prohibición de: - Alquifenoletoxilatos (APEOs) e derivados. - Colorantes con frase de risco R50, R51, R52 ou R53. - Colorantes ou pigmentos de complexo metálico que conteñan chumbo, cobre, cromo, níquel ou aluminio, a excepción de aqueles	- Etiqueta ecolóxica da UE. - Cisne Nórdico. - Declaración do cumprimento de cada unha das prohibicións indicadas.

	baseados en ftalocianina de cocer. -Biocidas potencialmente bioacumulativos.	
Embalaxe	Os embalaxes estarán feitos con material reciclado ou reciclable.	- Declaración.

PAPEL 100% RECICLADO

<u>ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS</u>	CRITERIO	A acreditación do cumprimento farase coa presentación de algún dos documentos que se indican a continuación. Os certificados de análises teñen que ser dun laboratorio que cumpra a normativa ISO 17025 ou ben que esté debidamente acreditado. As etiquetas ecolóxicas teñen que estar vixentes.
Gramaxe	80 gr./m2 +/- 3	- Certificado de análises segundo ISO 536 ou equivalentes (*)
Vida en arquivo	> 100 anos	- Certificado de análises segundo ISO 9706, DIN 6738, ISO 5630 ou equivalente (*). - Ángel Azul
Branco	Mínimo 90 CIE +/- 3	Certificado de análises segundo ISO 11475 (*)
Opacidade	Mínimo 90 % +/- 2	Certificado de análises segundo ISO 2471 (*)
Humidade	Máximo 4,7 +/- 0,4 %	Certificado de análises segundo ISO 287 (*)
Resistencia á flexión	SL 1,8 +/- 0,5 mN, ST 0,9 +/- 0,5 mN	Certificado de análises segundo ISO 2493 (*)
Rixidez	115/42 mN	Certificado de análises segundo ISO 5628 (*)
Rugosidade ou lisura	Máximo 260 +/- 40 ml/min.	Certificado de análises segundo ISO 8791 (*)
<u>ESPECIFICACIÓNS AMBIENTAIS</u>	CRITERIO	A acreditación do cumprimento farase coa presentación de algún dos documentos que se indican a continuación. As etiquetas ecolóxicas teñen que estar vixentes.
Aptitude para o uso	Equivalente á dun papel estándar de fibra virxe de 80 gr/m2, con respecto ó uso de hardware habitual de oficina	- Etiqueta ecolóxica UE - Certificacións de fabricantes de hardware.
Contido en fibra reciclada	O contido en fibra reciclada será do 100 %	- Ángel Azul, Cisne Branco, FSC 100 % reciclado. - Declaración baseada na definición que fai a norma ISO 14021
Orixe da fibra	A fibra utilizada será de post-consumo nun 80 % como mínimo	- Ángel Azul - Declaración con certificado do orixe das fibras para a fabricación do papel ofrecido.
Produtos clorados	Totalmente libres de cloro (TFT), nin axentes branqueantes halóxenos no branqueo.	-Ángel Azul. - Declaración do fabricante.
Branqueantes ópticos	Non utilización de	- Ángel Azul.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: INFORME PROPOSTA SOLICITUDE ORZAMENTOS PAPEL

Asunto:

	branqueantes ópticos no proceso de fabricación	- Declaración do fabricante.
Destinte	Só se poderán utilizar axentes tensioactivos que sexan rapidamente biodegradables	- Etiqueta ecolóxica da UE. - Comparación coas listas de tensioactivos biodegradables da literatura científica. - Declaración baseada en métodos de control oficiais.
Sustancias perigosas	Prohibición de: - Alquifenoletoxilatos (APEOs) e derivados. - Colorantes con frase de risco R50, R51, R52 ou R53. - Colorantes ou pigmentos de complexo metálico que conteñan chumbo, cobre, cromo, níquel ou aluminio, a excepción de aqueles baseados en ftalocianina de cocer. -Biocidas potencialmente bioacumulativos.	- Etiqueta ecolóxica da UE. - Cisne Nórdico. - Declaración do cumprimento de cada unha das prohibicións indicadas.
Embalaxe	Os embalaxes estarán feitos con material reciclado ou reciclable.	- Declaración.

(*) Se o parámetro está medido con outro criterio que non sexa a ISO indicada fará falta especificar a medida con que se analizou e demostrar a súa equivalencia.

Os interesados en participar na presente subministración, deberán **presentar unha instancia ou escrito** conforme ao modelo do ANEXO A "*PRESENTACIÓN DE PLICAS*" onde se indican os seus datos persoais e o procedemento ao que concorre **acompañada de un sobre pechado** asinado polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento (SOLICITUDE DE ORZAMENTOS PARA A ADQUISICIÓN DE PAPEL A4 E A4 (PROCEDENTE DE MADEIRA CERTIFICADA E 100 % RECICLADO), PARA AS FOTOCOPIADORAS E IMPRESORAS DO CONCELLO. (Expdte. Ref.: Menor 1-2016).), así como o nome e o NIF do interesado, dirixido ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello de Lugo, con enderezo en Ronda da Muralla, 197, 3º planta, 27002 LUGO, e incluíndo nel o modelo de oferta económica que a continuación se sinala, debidamente cumprimentado.

"OFERTA ECONÓMICA:

Don/a, con domicilio en, DNI nº, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou NIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **subministración de papel A4 e A3 para fotocopiadoras e impresoras do Concello, nas súas modalidades de procedente de madeira certificada e 100 % reciclado.**

b) Que propón os seguintes prezos:

PRODUTO	CANTIDADE ESTIMADA ANUAL	PREZO MÁXIMO UNITARIO OFERTADO (sen IVE)	PREZO MÁXIMO POR PRODUTO (sen IVE)
PAPEL A4, 80 g/m2 PROCEDENTE DE MADEIRA CERTIFICADA	4.300 paquetes	€	€
PAPEL A4, 80 g/m2 100 % RECICLADO	2.200 paquetes	€	€
PAPEL A3, 80 g/m2, PROCEDENTE DE MADEIRA CERTIFICADA	160 paquetes	€	€
TOTAL OFERTADO IVE excluído			€

c) Comprométese a facer entrega do material nas localizacións que lle indique o Concello.

d) Manifesta que a persoa asinante deste orzamento, e a compañía mercantil á que representa, se fose o caso, e os administradores e representantes da mesma, teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. Así mesmo que a empresa se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso) e coa Seguridade Social, establecidas polas disposicións vixentes.

e) Así mesmo declara baixo a súa responsabilidade que o material a subministrar cumpre con todos e cada un dos requisitos técnicos e ambientais, comprometéndose a achegalos en caso de ser requirido polo Concello, e sendo coñecedor das responsabilidades en caso de incumprimento.

Data e sinatura.”

Lugo, 29 de xuño de 2016.

O XEFE DO SERVIZO
DE CONTRATACIÓN,

A CONCELLEIRA DELEGADA,

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei

Asdo.: Ana Prieto Nieto.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlg

Refª: INFORM

Asunto:

**Concello de Lugo**

-+

ANEXO A: "PRESENTACIÓN DE PLICAS"**DATOS DA PERSOA INTERESADA:**

NOME:		1º APELIDO:	2º APELIDO:	
ENDEREZO:				
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		DOCUMENTO DE IDENTIDADE:	
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo a efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.			<input type="checkbox"/> DNI	<input type="checkbox"/> TARXETA
			<input type="checkbox"/> PASAPORTE	<input type="checkbox"/> NIE
			NÚMERO	LETRA

REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):

NOME:		1º APELIDO:	2º APELIDO:	
DOC. IDENTIDADE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:				

PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE:**EXPTE. REF.: Menor 1-2016****DENOMINACIÓN: SOLICITUDE DE ORZAMENTOS PARA A ADQUISICIÓN DE PAPEL A4 E A4 (PROCEDENTE DE MADEIRA CERTIFICADA E 100 % RECICLADO), PARA AS FOTOCOPIADORAS E IMPRESORAS DO CONCELLO.****DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:**

- SOBRE A: Oferta económica.
- SOBRE B:
- SOBRE C:

Lugo, _____ de _____ de _____

A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE